



Edicto

Por medio del presente edicto se hace público que la Junta de Gobierno Local de este Ayuntamiento, en sesión ordinaria celebrada el día 26 de mayo de 2017, acordó convocar procedimiento abierto, para llevar a cabo el contrato de la explotación del bar existente en las instalaciones de las piscinas, del complejo turístico O Corgo del Ayuntamiento de Muíños, temporada de verano 2017, aprobando en esa sesión el Pliego de Prescripciones Administrativas particulares para dicho contrato.

Lugar y plazo del examen del pliego y del expediente: En la Casa Consistorial del Ayuntamiento de Muíños, de 9:00 a 14:30, en el plazo de 15 días naturales a partir del siguiente al de la publicación del presente anuncio en el BOP. Asimismo, durante el mencionado plazo, se podrá también consultar el pliego completo en la página web del Ayuntamiento: <http://www.concellomuinos.com>

Lugar y plazo de presentación de proposiciones: En la Casa Consistorial del Ayuntamiento de Muíños, en el plazo establecido anteriormente.

Criterios a tener en cuenta en la adjudicación del contrato:

- El mejor precio que se ofrezca mensualmente, por las personas interesadas, como impuesto a satisfacer al Ayuntamiento, toda vez que se excluirán y no participarán en el procedimiento abierto las ofertas económicas inferiores a 120 euros/mes: 10 puntos.
- Encontrarse empadronado en el Ayuntamiento de Muíños, en el día en el que se haga público el anuncio de la convocatoria del procedimiento de adjudicación, en el BOP: 5 puntos.
- Mejores ofertas en lo que se refiere a limpieza y mantenimiento de las instalaciones y zonas verdes: 3 puntos.
- Otras mejoras que se ofrezcan por los interesados, que supongan una mejora permanente en el local donde se efectúa el servicio y que permanezcan en el mismo al finalizar el contrato: 3 puntos.

Lo que se hace público para general conocimiento, y para que todos los interesados que lo deseen puedan examinar el pliego y el expediente, y formular sus propuestas.

Muíños, 26 de mayo de 2017. El alcalde.

Fdo.: Plácido Alvarez Dobaño.

R. 1.696

Oímbra

Edicto

Publicase que a Sra. alcaldesa do Concello de Oímbra, ditou con data 29/05/2017 o seguinte Decreto que se transcribe literalmente a continuación.

Oímbra, 29 de maio de 2017. A alcaldesa.

Asdo.: Ana M^a Villarino Pardo.

Tendo en conta que é necesaria e urxente a contratación dun/a traballador/a neste Concello de Oímbra, para realización de tarefas que non están reservadas exclusivamente a persoal funcionario, e que poden ser desempeñadas por persoal laboral temporal, resolvo:

Aprobar as seguintes bases para a selección deste/a traballador/a, mediante o sistema selectivo de concurso, valorando os méritos que se sinalarán xunto cunha entrevista. Estas bases publicaranse integramente na páxina web do Concello, no BOP e no taboleiro de anuncios.

1) Posto de traballo que se convoca:

Número de prazas: 1

Modalidade da contratación: Contrato por obra ou servizo determinado a tempo parcial.

Duración do contrato: 26/06/2017 ao 01/09/2017.

Horario do contrato: de 9.00 ás 13.30. 4 horas e trinta minutos. O horario distribuirase en función das necesidades de funcionamento do servizo.

Denominación do posto: monitor/a de o programa de conciliación da vida laboral e familiar: "Oímbra-Verán 2017".

Salario bruto mes, incluíndo pagas extras: 614,08 €

Tarefas para realizar: organizar, dinamizar e avaliar actividades de tempo libre educativo dirixidas aos nenos/as, no marco dunha programación xeral, aplicando as técnicas específicas de animación grupal, incidindo explicitamente na educación en valores, e atendendo ás medidas básicas de seguridade e prevención de riscos.

2) Prazo de presentación das solicitudes no Concello e modelo de instancia:

No prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP, mediante a instancia que se transcribe seguidamente, presentada na Casa do Concello, en horario de 9.00 a 14.00 horas (se coincide en sábado de 9.00 a 12.00).

Instancia

D./D.^a ... maior de idade, con DNI núm. ..., con domicilio para os efectos de notificacións en ..., provisto/a do teléfono núm. ...

Expón:

Que ten coñecemento da convocatoria realizada polo Concello de Oímbra para cubrir mediante concurso, valorando os méritos, a praza de persoal laboral temporal de monitor/a do programa de conciliación da vida laboral e familiar: "Oímbra-Verán".

Considera que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, e solicita participar no proceso, achegando a fotocopia compulsada do seu DNI, e os seguintes documentos para que poidan ser tidos en conta na valoración dos méritos:

-
-
-
-
-

Así mesmo, declara expresamente e baixo a súa responsabilidade:

- Que non foi despedido mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopa na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos, por resolución xudicial.

- Que posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que son necesarias para o desempeño das correspondentes funcións e tarefas.

Oímbra, de de 2017.

Asdo.: ...

Sra. alcaldesa do Concello de Oímbra.

3) Motivos da necesidade e urxencia na contratación:

O inicio do programa de conciliación da vida laboral e familiar "Oímbra-Verán 2017" o próximo 26 de xuño de 2017, estando previsto o seu fin o día 1 de setembro de 2017.

4) Condicións e requisitos que deben reunir as persoas aspirantes, así como forma de xustificación:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, conforme co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público en Galicia, así como estranxeiros que teñan a súa residencia legal en España (acompañarase fotocopia compulsada do DNI ou do cartón de residencia).



b) Non ser despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía (acreditarse mediante declaración na instancia de solicitude).

c) Ter dezoito anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Titulacións esixidas:

- Maxisterio Educación Primaria (diplomatura, grao) ou técnico superior de Educación Infantil.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións e tarefas (acreditarse mediante declaración na instancia de solicitude).

5) Baremo de puntuación dos méritos, así como forma de xustificación por parte dos interesados/as:

1. Experiencia profesional: (máximo 4 puntos).

- Por cada mes completo de servizos prestados en postos similares no Concello de Oímbra: 0,40 por mes traballado.

- Por cada mes completo de servizos prestados en postos similares noutras administracións públicas: 0,20 por mes traballado.

- Por cada mes completo de servizos prestados en postos similares na empresa privada: 0,10 por mes traballado.

Rexeitaranse as fraccións de tempo inferiores ao mes, e os contratos de xornada inferior á xornada completa valoraranse de maneira proporcional.

Acreditarse mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada e copia compulsada dos contratos de traballo ou certificados de empresa. A experiencia que non se considere debidamente xustificada non se puntuará.

2. Formación: (máximo 3 puntos).

- Por asistencia a cursos organizados por administracións públicas ou homologados, relacionados coas funcións do posto:

Cursos realizados de 20 a 50 horas: 0,25 puntos.

Cursos realizados de 51 a 100 horas: 1 punto.

Cursos realizados de máis de 100 horas: 2 puntos.

Acreditarse mediante a presentación de copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa co número de horas, no caso de que non estableza as horas, consideraranse inferior a 20 horas, non puntuándose.

3. Coñecemento da lingua galega (máximo 1 punto).

Valorase o coñecemento da lingua galega acreditado polos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia (só se valorará o grao superior alegado):

- Celga 1: 0,25 puntos.

- Certificado do curso de iniciación ao galego ou Celga 2: 0,50 puntos.

- Certificado do curso de perfeccionamento ao galego ou Celga 3: 0,75 puntos.

- Celga 4: 1 punto.

4. Entrevista: (3 puntos).

Por parte do órgano de selección que se indica seguidamente, realizarase unha entrevista individual a cada aspirante ao posto, no que se valorará, tanto a actitude ante o posto de traballo, como a aptitude para o seu desenvolvemento.

6) Órgano de selección:

O órgano de selección comporase das seguintes persoas, sendo un órgano colexiado:

Presidente: o secretario-interventor do Concello de Laza.

Vogal: axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Oímbra.

Secretaria: secretaria-interventora do Concello de Oímbra.

O órgano de selección reunirse o día 15 de xuño de 2017, ás 16.30 horas, na Casa do Concello. Primeiramente realizarase a entrevista persoal e individual a cada aspirante ao posto, e para iso, o mencionado día e hora, os/as aspirantes presentaranse na Casa do Concello para poder realizala, se algún/ha aspirante non se presenta á entrevista, esta puntuarase con 0 puntos, e puntuaráselle o resto dos méritos presentados.

A continuación, o órgano de selección procederá a valorar o resto da documentación presentada polos aspirantes, e confeccionarase unha acta na que se reflectirá o total da puntuación obtida por cada aspirante, en todos os apartados que se puntúan, segundo o reflectido nestas bases.

Esta acta publicarse na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello.

6) Contratación da persoa:

Mediante Decreto desta Alcaldía procederase a contratar á persoa que resulte con máis puntuación na acta mencionada no punto anterior. Este Decreto de Alcaldía publicarse na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello.

Mándao e asinao a Sra. alcaldesa, dona Ana María Villarino Pardo, ante min, a secretaria, Cristina Taboada González.

Edicto

Se publica que la Sra. alcaldesa del Ayuntamiento de Oímbra, ha dictado con fecha 29/05/2017 el siguiente Decreto que se transcribe literalmente a continuación.

Oímbra, 29 de mayo de 2017

La alcaldesa

Fdo.: Ana Mª Villarino Pardo

Toda vez que es necesaria y urgente la contratación de un/a trabajador/a en este Ayuntamiento de Oímbra, para realización de tareas que no están reservadas exclusivamente a personal funcionario, y que pueden ser desempeñadas por personal laboral temporal, resuelvo:

Aprobar las siguientes bases para la selección de este/a trabajador/a, mediante el sistema selectivo de concurso, valorando los méritos que se señalarán junto con una entrevista. Estas bases se publicarán íntegramente en la página web del Ayuntamiento, en el BOP y en el tablón de anuncios.

1) Puesto de trabajo que se convoca:

Número de plazas: 1

Modalidad de la contratación: Contrato por obra o servicio determinado a tiempo parcial.

Duración del contrato: 26/06/2017 al 01/09/2017.

Horario del contrato: de 9.00 a las 13.30. 4 horas y treinta minutos. El horario se distribuirá en función de las necesidades de funcionamiento del servicio.

Denominación del puesto: monitor/a del programa de conciliación de la vida laboral y familiar: "Oímbra-Verán 2017".

Salario bruto mes, incluyendo pagas extras: 614,08 €

Tareas para realizar: organizar, dinamizar y evaluar actividades de tiempo libre educativo dirigidas a los niños/as, en el marco de una programación general, aplicando las técnicas específicas de animación grupal, incidiendo explícitamente en la educación en valores, y atendiendo a las medidas básicas de seguridad y prevención de riesgos.

2) Plazo de presentación de las solicitudes en el Ayuntamiento y modelo de instancia:

En el plazo de 5 días hábiles a partir del día siguiente a la publicación del anuncio de la convocatoria en el BOP, mediante la instancia que se transcribe seguidamente, presentada en la